- A introdución na aula de sistemas alternativos e aumentativos de comunicación que faciliten a adquisición e a interiorización das rutinas, o acceso á información e ás instrucións e que contribúan á inclusión de todas as persoas do grupo.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Materiais funxibles: convencionais e non convencionais (ceras grosas, ceras delgadas, rotuladores, folios, cartolinas, punzóns, témperas, pinceis, tesoiras de punta redonda, gomas...). |
| Materiais audiovisuais: na aula contamos con ordenador de aula, encerado dixital, tablet de aula, conexión a internet, escornabot de aula, e reproductor musical. Ademais, o centro pon á nosa disposición a cámara de vídeo e a cámara de fotos (contando coa autorización dos pais/nais ou titores legais). |
| Material curricular: Currículo, P.E.... |
| Recursos específicos: para exercitar a psicomotricidade fina (construcións, ensartados, etc.) para a psicomotricidade grosa (aros, pelotas, cordas...), para a expresión plástica (pinturas, refugallo, kamisibai, títeres?), para a lóxica matemática (quebracabezas, regretas, bloques lóxicos, etc.), para a linguaxe oral (carteis, contos, libros de imaxes...), para o desenvolvemento sensorial (área kinética, mesa de luz, bandexas sensoriais, etc.), para o xogo simbólico (cociña, supermercado, etc.), para a expresión musical (música clásica, música de relaxación) e, ademais, os precisos para cada centro de interese ou proxectos traballados ó longo do curso. |

Recursos persoais son: o titor, o resto do profesorado que imparte docencia no centro (por exemplo a mestra de inglés ou a de psicomotricidade), outros membros da comunidade educativa (conserxe, persoal de limpeza...), os pais e as nais, outros alumnos e alumnas do centro (cótannos algún conto por videoconferencia, ensinámoslles as nosas elaboracións...) e outros membros do entorno próximo.

Recursos espaciais son: as aulas, o patio, a biblioteca escolar, a aula de psicomotricidade, a aula de novas tecnoloxías, os corredores e outros ambientes fóra do centro.

Os recursos educativos son aqueles obxectos ou elementos cos cales o alumnado interactúa e xeran aprendizaxes. Para a súa selección tívose en conta, entre outros, os seguintes criterios:

- Que fosen variados, orientados ao desenvolvemento de todos os planos que integran a personalidade infantil (cognitivo, lingüístico, motor...).
- Que favorecesen a actividade infantil, é dicir, que fosen manexables, atractivos e seguros.
- Que permitisen realizar diferentes accións en función dos intereses de que os empregue, é dicir, que fosen polivalentes.
- Que estivesen presentes na vida cotiá dos nenos e das nenas.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Primeiramente, sinalar que o equipo educativo é o responsable de adoptar as decisións relativas ao tipo de información que se precisa neste momento inicial da avaliación, así como ás técnicas ou instrumentos que se van empregar para recoller e consignar a dita información.

Polo tanto, tras unha reunión do profesorado de educación infantil, decidiuse que na primeira unidade do curso se vai levar a cabo unha avaliación inicial ou diagnóstica baseado na análise, tanto das competencias clave do alumnado como das necesidades do grupo, que nos aporte información para a posterior planificación do proceso educativo.

Dita avaliación inicial ou diagnóstica se vai levar a cabo a través de:

- Observación directa, sistemática e rexistrada da participación do alumnado nas actividades e propostas didácticas.
- Análise das producións plásticas, escritas, musicais, etc realizadas polo alumnado.
- Información aportada polas familias ou titores legais na entrevista inicial.
- Diagnóstico do estado físico, emocional, coñecementos previos e limitacións de cada alumna e alumno.

Igualmente, suliñar o factor preventivo da avaliación inicial na atención á diversidade, tanto como medio para a identificación temprana das necesidades educativas como para proceder á aplicación das medidas que se consideren necesarias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación están marcados pola consecución dos criterios de avaliación establecidos para cada unidade ou proxecto. Para iso, o profesorado observará se o alumnado foi capaz de acadar ou non os mínimos de consecución de cada criterio de avaliación e cubrirá a correspondente táboa de indicadores que se elaborarán

segundo a escala de estimación: sen dificultade, en proceso ou con dificultade.

Criterios de recuperación:

Este apartado non procede nesta etapa.

6. Medidas de atención á diversidade

A expresión *atención á diversidade* non se refire unicamente ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (ANEAE), senón a todos os nenos e nenas escolarizados no grupo-clase. Isto é debido a que o alumno ou a alumna estándar non existe; cada cativo ou cativa ten capacidades, intereses, motivacións, ritmos de aprendizaxes e situación culturais, sociais e de saúde diferentes que fan que o seu proceso de aprendizaxe sexa único e absolutamente persoal e intransferible. Esta aceptación da diversidade do alumnado, supón por parte dos mestres e mestras unha análise e unha reflexión sobre o seu grupo de alumnos e alumnas.

Por outra banda, sinalar que a fin de garantir a equidade, a nova Lei de Educación aborda os grupos de alumnos e de alumnas que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar algunha necesidade específica de apoio educativo (ANEAE) e, así mesmo, establece os recursos precisos para acometer esta tarefa co obxectivo de lograr a súa plena inclusión e integración.

A adecuada resposta educativa a todos os alumnos e as alumnas concíbese a partir do principio de inclusión, entendendo que unicamente dese modo garántese o desenvolvemento de todos e todas, favorécese a equidade e contribúese a unha maior cohesión social. A atención á diversidade é unha necesidade que abarca a todas as etapas educativas e a todos os alumnos e as alumnas; é dicir, trátase de contemplar a diversidade como principio e non como unha medida que corresponde ás necesidades duns poucos.

Así mesmo, para dar resposta á diversidade do meu alumnado, adoptarei e empregarei estratexias como:

- Organizar o aula de forma accesible, adecuaremos tempos e rutinas en base ás súas necesidades fisiolóxicas, afectivas, de movemento e curriculares.
- Organizar o aula de forma accesible, adecuaremos tempos e rutinas en base ás súas necesidades fisiolóxicas, afectivas, de movemento e curriculares.
- Adecuar á programación didáctica, realizarase unha interpretación flexible do currículo axustada ao grupo clase e ao alumnado con NEAE.
- Empregar diferentes agrupamentos: en parellas, en pequeno grupo e en gran grupo, posto que posibilita secuencias educativas nas que a aprendizaxe ten carácter cooperativo, resultando beneficioso para todos, á vez que posibilita o acceso ás zonas de desenvolvemento próximo.
- Seguir os principios do DUA, propoñendo diferentes medios de acceder á información, de expresarse e de motivar ao alumno.
- Adaptar os tempos, instrumentos e procedementos de avaliación, usando os que mellor se adaptan ás características de este alumnado.
- Aproveitar as posibilidades das TIC para todo tipo de alumnado, utilizando diferentes apps para estimulación da linguaxe, o razonamento e a atención.
- Buscar de maneira continua interactuar co alumnado NEAE, estimulando a súa iniciativa e promovendo o interese por aprender.
- Transmitir a información de maneira clara, concisa e con frases/explicacións curtas.
- Secuenciar as tarefas, incluso con referencias visuais como pictos e axendas.
- Traballar con axudas directas e demostracións (traballo de modelado e imitación).
- Deseñar propostas didácticas seguindo o modelo TEACCH.
- Adecuar as actividades ás diferenzas individuais dos alumnos e das alumnas. Para iso, realizaranse actividades que reforcen as aprendizaxes duns e que amplíen os doutros. Os educadores e as educadoras poderán seleccionar as actividades de reforzo ou ampliación que estimen convenientes para os seus alumnos e alumnas.
- Evitar tarefas repetitivas e sen interese para o alumnado, que poden facer aparecer conductas disruptivas, a non ser o caso de aqueles alumnos que polas súas necesidades necesiten facer ese tipo de actividades para reforzar aprendizaxes e aportar seguridade.
- Primar o esforzo e non o resultado, intentando sempre aumentar a autoestima, adoitando un enfoque emocional nas actividades, tanto como medida preventiva da discriminación como medio para a valoración das diferenzas.
- Ofrecer propostas onde o alumnado poida participar en base ás súas capacidades levando a cabo propostas SEM

para aquel alumnado que o necesite.

- Ofrecer sempre situacións de éxito, para ir aumentando a dificultade progresivamente.

- Intervir educativamente sempre dende un enfoque multidisciplinar: (titoría, DO, familia ou titores legais, servicios sanitarios, sociais, etc).

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|--|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Desenvolvemento afectivo e xestión emocional: Para lograr isto crearase un clima de confianza no que os/as nenos/as se expresen libremente; resolveranse situacións conflitivas a través do diálogo; fomentarase a tolerancia e o respecto polos demais; promoverase actividades en grupo nas que se coopere, se respecte e se comparta; etc. | X | X | X | X | X | X | X | |
| ET.2 - Hábitos de coidado e control corporal: Fomentarase o consumo de alimentos sans (froita, verduras), rexeitarase o consumo abusivo de lambetadas, estableceranse unhas normas relacionadas co aseo persoal (lavar as mans antes de comer, soar os mocos), falaremos das situacións de perigo no recreo, na aula, na casa, etc. | X | X | X | X | X | X | X | |
| ET.3 - Pautas elementais de convivencia e relación social: Supón preparar ós alumnos e ás alumnas para a participación na vida social e cultural. Isto implica: ensinarlles a discriminar comportamentos adecuados e inadecuados; amosarlles a importancia de respectar as normas de convivencia; desenvolver actitudes para ser bos cidadáns (solidariedade, respecto); etc. | X | X | X | X | X | X | X | |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.4 - Coidado da contorna e dos seres vivos: É importante que aprendan a valorar a importancia que ten o medio natural para a vida das persoas e desenvolver actitudes de respecto e coidado cara a el. Para lograr isto: observarse directamente o crecemento dalgunha planta; amosarse as repercusións que ten a actuación humana sobre o medio; realizarse actividades con materiais de refugallo; etc. | X | X | X | X | X | X | X | |
| ET.5 - Educación para o consumo responsable: O que se pretende é que os/as nenos/nas vaian adquirindo unha actitude responsable cara ó consumo. Para isto, foméntanse nas aulas actitudes como: non deixar as billas abertas para non perder auga, coidar os materiais individuais e os comúns, mercar soamente o que precisemos, aproveitar ao máximo o material escolar, etc. | X | X | X | X | X | X | X | |
| ET.6 - Educación igualitaria e libre de estereotipos: Como mestres e mestras debemos procurar que os/as alumnos/as se formen en igualdade de condicións e cos mesmos dereitos e obrigas. Para acadar isto vaise: narrar contos cambiando os papeis que tradicionalmente se lles asignaban ós homes e ás mulleres; comentar a necesidade de que tanto os nenos como as nenas deben colaborar nas tarefas domésticas... | X | X | X | X | X | X | X | |

| | UD 9 | UD 10 | UD 11 | UD 12 |
|--|------|-------|-------|-------|
| ET.1 - Desenvolvemento afectivo e xestión emocional: Para lograr isto crearase un clima de confianza no que os/as nenos/as se expresen libremente; resolveranse situacións conflitivas a través do diálogo; fomentarase a tolerancia e o respecto polos demais; promoverase actividades en grupo nas que se coopere, se respecte e se comparta; etc. | | | | |
| ET.2 - Hábitos de coidado e control corporal: Fomentarase o consumo de alimentos sans (froita, verduras), rexeitarase o consumo abusivo de lambetadas, estableceranse unhas normas relacionadas co aseo persoal (lavar as mans antes de comer, soar os mocos), falaremos das situacións de perigo no recreo, na aula, na casa, etc. | | | | |
| ET.3 - Pautas elementais de convivencia e relación social: Supón preparar ós alumnos e ás alumnas para a participación na vida social e cultural. Isto implica: ensinarlles a discriminar comportamentos adecuados e inadecuados; amosarlles a importancia de respectar as normas de convivencia; desenvolver actitudes para ser bos cidadáns (solidariedade, respecto); etc. | | | | |

| | UD 9 | UD 10 | UD 11 | UD 12 |
|---|------|-------|-------|-------|
| ET.4 - Coidado da contorna e dos seres vivos: É importante que aprendan a valorar a importancia que ten o medio natural para a vida das persoas e desenvolver actitudes de respecto e coidado cara a el. Para lograr isto: observarase directamente o crecemento dalgunha planta; amosaranse as repercusións que ten a actuación humana sobre o medio; realizaranse actividades con materiais de refugallo; etc. | | | | |
| ET.5 - Educación para o consumo responsable: O que se pretende é que os/as nenos/nas vaian adquirindo unha actitude responsable cara ó consumo. Para isto, foméntanse nas aulas actitudes como: non deixar as billas abertas para non perder auga, coidar os materiais individuais e os comúns, mercar soamente o que precisemos, aproveitar ao máximo o material escolar, etc. | | | | |
| ET.6 - Educación igualitaria e libre de estereotipos: Como mestres e mestras debemos procurar que os/as alumnos/as se formen en igualdade de condicións e cos mesmos dereitos e obrigas. Para acadar isto vaise: narrar contos cambiando os papeis que tradicionalmente se lles asignaban ós homes e ás mulleres; comentar a necesidade de que tanto os nenos como as nenas deben colaborar nas tarefas domésticas... | | | | |

Observacións:

Os temas transversais, son traballados de maneira globalizada en diversas actividades e en diversos momentos da xornada escolar, polo que van estar presentes en todas as Unidades ou Proxectos realizados ó longo do curso.

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|----------|----------|----------|
| Visita de persoa experta | En cada unidade invitaremos a unha ou varias persoas para que actúe como experto na materia que estamos a traballar. | X | X | X |
| Contacontos | En diferentes momentos, convidaremos a un/unha familiar do alumnado ou a un/unha contacontos profesional para que veña a contar un conto relacionado co tema que estamos a traballar ou coa festividade que esteamos a conmemorar. | X | X | X |
| Saída relacionadas coa Unidade ou Proxecto traballado | En cada unidade realizaremos unha saída pola contarna para aprofundar no traballo na aula. | X | X | X |
| Saída de fin de curso | Actividade lúdica para descubrir a contorna e para conmemorar o final de curso en compañía do resto de alumnos e alumnas do centro educativo. | | | X |
| Conmemoracións e festas | Realizaremos todas as conmemoracións de obrigado cumprimento que aparecen recollidas na Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia. Igualmente, ó longo do curso celebraremos outras festividadeas coma o Samagosto, o Nadal, etc. que aparecen contempladas na PXA. | X | X | X |
| Actividades para facilitar a transición a E.P. | En diversos momentos do ano académico, efectuaremos actividades conxuntas con diversas aulas de primaria (especialmente primeiro ciclo) para favorecer a transición a esta etapa educativa. Por exemplo: manualidades cooperativas polo Nadal, xogos tradicionais cos alumnos/as de primeiro polo día do xogo, padriños e madriñas no transporte escolar, acto de graduación e despedida de infantil... | | | X |

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Presento e propoño un plan de traballo, explicando a súa finalidade, antes de cada unidade. |
| Relaciono os diferentes elementos curriculares e as actividades cos intereses e coñecementos previos dos meus alumnos. |
| Facilito a adquisición de novos contidos a través dos pasos necesarios, intercalando preguntas aclaratorias, sintetizando, exemplificando, etc. |

| |
|--|
| Metodoloxía empregada |
| Suscito situacións introdutorias previas ao tema que se vai a tratar (traballos, diálogos, lecturas...). |
| Manteño o interese do alumnado partindo das súas experiencias, cunha linguaxe clara e adaptada... |
| Comunico a finalidade das aprendizaxes, a súa importancia, funcionalidade, aplicación real. |
| Propoño aos meus alumnos actividades variadas (de diagnóstico, de introdución, de motivación, de desenvolvemento, de síntese, de consolidación, de recuperación, de ampliación e de avaliación). |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| Estruturo e organizo os contidos dando unha visión xeral de cada tema (mapas conceptuais, esquemas, que teñen que aprender, que é importante, ...). |
| Adopto distintos agrupamentos en función do momento, da tarefa a realizar, dos recursos a utilizar... etc., controlando sempre que o adecuado clima de traballo. |
| Utilizo recursos didácticos variados (audiovisuais, informáticos, técnicas de aprender a aprender...), tanto para a presentación dos contidos como para a práctica dos alumnos, favorecendo o uso autónomo por parte dos mesmos. |
| Medidas de atención á diversidade |
| Suscito actividades que aseguran a adquisición dos obxectivos didácticos previstos e as habilidades e técnicas instrumentais básicas. |
| Clima de traballo na aula |
| Nas actividades que propoño existe equilibrio entre as actividades individuais e traballos en grupo. |
| Distribúo o tempo adecuadamente (breve tempo de exposición e o resto do mesmo para as actividades que os alumnos realizan na clase). |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| Dou información dos progresos conseguidos así como das dificultades atopadas. |

Descrición:

Coa finalidade de mellorar a propia práctica docente realizarase unha autoavaliación por parte do profesorado, facendo unha valoración de diferentes indicadores relacionados co traballo docente e aportando suxestións que permitan mellorar a nosa función educativa. Así, e como se amosa anteriormente, avaliaremos diferentes ítems relacionados con estes aspectos, como por exemplo: a motivación do alumnado, a presentación dos diferentes contidos, as actividades de aula, a organización e xestión do traballo de aula e as instrucións, aclaracións, orientacións aportadas ao alumnado, etc.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Coa avaliación, o que se pretende, é analizar tódolos aspectos do proceso educativo, recollendo información que permita mellorar o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Os membros do equipo docente de Educación Infantil levaremos a cabo reunións periódicas nas que se analice o desenvolvemento da programación nos distintos niveis e, deste xeito, ir subsanando as deficiencias que poidan xurdir ao longo da práctica docente.

Na análise desta práctica valorarase o grao de consecución dos obxectivos, cales se acadaron con máis facilidade, cales non se cumpriron e as causas. Tamén se analizarán os contidos, se estaban axeitados a idade, se eran suficientes, o seu grao de dificultade, etc. Non nos esqueceremos de avaliar os métodos utilizados, a idoneidade dos recursos materias, a didáctica e os tempos e espazos.

A continuación amósanse algúns exemplos dos ítems que nos permitirán avaliar a nosa programación:

- Distribúense axeitadamente todos os obxectivos xerais ao longo curso.
- As competencias conéctanse cos criterios de avaliación e a súa concreción en mínimos de consecución, para poder

ser avaliadas.

- Organización temporal dos contidos ao longo do curso, en unidades de traballo ou proxectos.
- Presentación integrada dos contidos sen necesidade de diferenciar en conceptuais, procedimentais e actitudinais.
- Vinculación dos contidos con situacións reais, significativas, funcionais ou motivantes para o alumnado.
- Concreción suficiente dos criterios de avaliación para ser observables ou medibles con mediante diversos procedementos e instrumentos de avaliación.
- Actividades de apoio, reforzo e recuperación para atender á diversidade tendo en conta as aprendizaxes consideradas como mínimos.
- Autorregulación da propia aprendizaxe: uso da autoevaluación e a coevaluación polo alumnado.
- Uso variado e coherente de diferentes métodos e estilos de ensino.
- Estratexias para desenvolver procesos globalizados de ensino e aprendizaxe.
- Consideración de metodoloxías que consideran o papel activo do alumno como factor decisivo da aprendizaxe.
- Previsión de tarefas e propostas didácticas contextualizadas en situacións ou problemas significativos, funcionais e motivantes para o alumnado.
- Metodoloxías de traballo cooperativo.
- Importancia da investigación por parte do alumnado: metodoloxía de proxectos, descubrimento guiado, resolución de problemas da vida cotiá, webquest.
- Organización flexible dos recursos espazo-temporais, agrupamentos e materiais
- Incorporación da forma de abordar os valores democráticos que establece o currículo.
- Asociación temporal dos distintos valores democráticos coas unidades ou proxectos nos que se van traballar.
- Medidas de atención á diversidade.
- Coordinación entre o profesorado que intervén co grupo de alumnos.
- Coordinación do profesorado coas familias.

Finalmente, sinalar que haberá un seguimento a través da aplicación Proens dende a coordinación de ciclo en infantil ao rematar cada trimestre.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|--|------------|---------------|
| 36016942 | CEIP Plurilingüe de Santiago de Oliveira | Ponteareas | 2023/2024 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|--------------------|-----------------------------|---------|------------------|----------------|
| Educación infantil | Crecedemento en harmonía | 6º Inf. | 8 | 280 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 4 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 5 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 19 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 21 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 21 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 22 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 22 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 23 |
| 7.2. Actividades complementarias | 27 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 28 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 29 |
| 9. Outros apartados | 30 |

1. Introducción

Na primeira infancia, toda a experiencia das nenas e dos nenos pasa polo coñecemento, o dominio e o coidado do propio corpo. O corpo, formado por segmentos e por órganos, medra, ten unha historia, está situado e móvese no espazo, ten que ser alimentado e coidado e conformarase como propio e diferente do das demais persoas. O coñecemento propio é un proceso de construción persoal permanente e continuo na vida das persoas que involucra diversas dimensións interdependentes, como o desenvolvemento e a valoración propia, a autonomía, a identidade ou a convivencia. Así mesmo, durante os primeiros anos aparecen diversos sentimentos e emocións, ao tempo que as nenas e os nenos conforman a súa propia imaxe e a autoestima, que serán a base do logro progresivo da autonomía.

Así, a programación da área de Crecemento e Harmonía recolle os elementos curriculares que se traballarán ao longo do curso de 6º de EI co fin de que os nenos e as nenas coñezan, dominen e coiden o seu propio corpo. Esta construción céntrase nas dimensións persoal e social da nena ou do neno, entendidas como inseparables e complementarias, que se desenvolven e regulan de maneira progresiva, conxunta e harmónica, aínda que só adquire sentido desde a complementariedade coas outras dúas, xa que se produce nunha contorna física e natural determinada e precisa da utilización de distintas linguaxes e representacións da realidade.

Os obxectivos da área de Crecemento e Harmonía identifican as actuacións que se espera que as nenas e os nenos sexan capaces de despreñar en relación co seu propio desenvolvemento persoal e social ao longo da etapa, como consecuencia da intervención educativa. Os tres primeiros obxectivos inclúen aspectos relacionados co seu propio desenvolvemento persoal: o progresivo control de si mesmos que adquiren a medida que constrúen a súa propia identidade, comezan a establecer relacións afectivas cos demais e utilizan os recursos persoais para desenvolverse no medio dunha forma cada vez máis axustada e independente, valorando e confiando nas súas posibilidades e calidades e respectando as dos demais. O último obxectivo atende á necesaria correlación entre a construción da propia identidade e as interaccións na contorna sociocultural en que aquela se produce, resaltando a importancia de propiciar e favorecer interaccións saudables, sostibles, eficaces, igualitarias e respectuosas.

Desde o profundo respecto aos ritmos e estilos de maduración individuais, os procesos de ensino e aprendizaxe deben adaptarse ás características persoais, necesidades, intereses e estilo cognitivo de cada nena ou de cada neno. Aténdese, polo tanto, ao desenvolvemento psicomotor, á adquisición paulatina do control de si mesmo e ao proceso gradual de construción da propia identidade, froito do descubrimento das súas posibilidades motrices e das interaccións consigo mesmo, coa contorna e cos demais. Neste proceso, partírase da experimentación libre da súa propia motricidade. Avanzarase desde a dependencia total da persoa adulta cara a unha progresiva autonomía, na medida en que cada individuo ha de integrar e utilizar os recursos e estratexias que lle facilitan un desenvolvemento axustado e adaptado da súa motricidade.

A temporalización das unidades didácticas proposta é orientativa e poderá ser modificada tendo en conta as realidades educativas. Atoparemos dúas unidades didácticas (a modo de proxecto) en cada trimestre, e unha unidade transversal (A auga, un mundo por descubrir) que se desenvolverá ao longo de todo o curso.

Por último, sinalar que a programación da área Crecemento e Harmonía está deseñada para ser desenvolvida, conxuntamente coas programacións das outras dúas áreas, posto que consideremos fundamental seguir respectando o principio de globalidade á hora de deseñar situacións de aprendizaxe, onde se poñan en práctica habilidades e capacidades relacionadas coas tres áreas curriculares.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|-----|----|------|----|-------|----|----|------|
| OBX1 - Progresar no coñecemento e no control do seu corpo e na adquisición de distintas estratexias, adecuando as súas accións á realidade da contorna dunha maneira segura para construír unha autoimaxe axustada e positiva. | 1 | | | | 1 | 1 | 1 | |
| OBX2 - Recoñecer, manifestar e regular progresivamente as súas emocións expresando necesidades e sentimentos para lograr o benestar emocional e a seguridade afectiva | 1 | 1 | | | 1 | 1 | 1 | 1 |
| OBX3 - Adoptar modelos, normas e hábitos, desenvolvendo a confianza nas súas posibilidades e sentimentos de logro para promover un estilo de vida saudable e ecosocialmente responsable | | | 1 | 1 | | 1 | 1 | 1 |
| OBX4 - Establecer interaccións sociais en condicións de igualdade, valorando a importancia da amizade, do respecto e da empatía para construír a súa propia identidade baseada en valores democráticos e de respecto aos dereitos humanos | | | | | | 1 | 1 | 1 |

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|----------------------|--|------------|----------|----------|----------|
| 1 | Medrando sans. | Esta proposta vaise levar a cabo ó longo de todo o ano, posto que o deporte foi o tema elixido por todo o claustro para o PDI de Centro deste curso académico 2023-2024. Así, durante o curso vamos realizar diversas actividades que nos permitan, entre outros aspectos, coñecer diferentes elementos do entorno próximo. | 35 | X | X | X |
| 2 | Son así de grande | Con esta proposta traballarase o corpo, as partes do mesmo, a importancia dos sentidos, o paso do tempo, o exercicio, os coidados básicos de hixiene e saúde..., en definitiva, abordaremos un centro motivador importantísimo nesta idade como é o corpo, co obxectivo de axudar ós nenos e ás nenas a descubrirse a si mesmo e coñecer mellor os seus compañeiros e compañeiras. | 35 | X | | |
| 3 | Un Nadal para todos. | É unha época máxica e chea de ilusión, durante a cal os nenos e as nenas escriben a carta ós Reis Magos e ó apalpador solicitando os agasallos que desexan e | 35 | X | | |

| UD | Título | Descrición | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|------------------------|--|------------|----------|----------|----------|
| 3 | Un Nadal para todos. | representan panxoliñas para familiares e amigos e amigas. Por iso, aproveitarei esta circunstancia para desenvolver no alumnado valores e actitudes solidarias e responsables, convidándoos a que soliciten un número razoado de xoguetes e os compartan cos seus amigos e amigas. Igualmente, elaboraremos instrumentos e xoguetes con materiais reutilizables, empregando diversas técnicas plásticas. | 35 | X | | |
| 4 | Un entroido delicioso. | Aproveitando o pensamento máxico e animista dos nenos e das nenas celebraremos o Entroido. Unha festa na que participan de maneira alegre, activa e respectuosa porque amosan un gran interese polos disfraces e as imitacións. Así mesmo, aproveitarase esta proposta para coñecer un pouco máis afondo esta festa tradicional e incluso achegarnos a outras culturas. | 35 | | X | |
| 5 | Cores e flores. | Esta proposta ten como centro de interese a primavera. Trátase dunha época do ano idónea para que os nenos e nenas manipulen, observen, experimenten e se familiaricen coas flores e plantas e, ao mesmo tempo, para que valoren a importancia que ten, tanto para as persoas como para os animais, coidar e respectar o mundo vexetal. | 35 | | X | |
| 6 | Onde está o Cuco? | Esta proposta é moi interesante e atractiva para os nenos e as nenas porque, dende moi pequeniños, están en contacto co mundo animal. A través desta proposta educativa preténdese coñecer diferentes animais salvaxes e domésticos, o hábitat no que viven... Así como desenvolver hábitos de coidado polo mundo animal e coñecer diferentes profesións relacionadas con el. | 35 | | | X |
| 7 | As nosas festas. | Con esta proposta de traballo preténdese que o alumnado comece a valorar a cultura galega. Para iso, aproveitando que nestas datas se celebran os Maios e as Letras Galegas fomentaranse nos nenos e nenas actitudes para a comprensión e valoración na nosa cultura. | 35 | | | X |
| 8 | Xogamos co corpo | Xogos relacionados co coñecemento das partes do corpo e incorporación de hábitos de hixiene. | 15 | X | | |
| 9 | Xogamos coas persoas | Xogos relacionados coa cooperación, co traballo de obxectivos comúns e o respecto as normas e aos compañeiros e compañeiras. | 10 | | X | |
| 10 | Xogamos co entorno | Xogos na natureza, relacionados co entorno no que vive o alumnado e o uso de materiais. | 10 | | | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|----------------|----------|
| 1 | Medrando sans. | 35 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|--|---|----|
| CA1.1 - Progresar no coñecemento do seu corpo axustando accións e reaccións e desenvolvendo o equilibrio, a percepción sensorial e a coordinación no movemento | Controla o seu corpo en diferentes posturas e situacións motrices. | TI |
| CA1.5 - Coordinar e controlar ou seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá, mostrando un variado repertorio motriz | Adapta as súas posibilidades motrices ás actividades da vida cotiá e ao emprego de diferentes obxectos. | |
| CA1.6 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais e mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas | Axusta os seus movementos e habilidades manipulativas ao xogo dirixido e espontáneo. amosando cada vez máis control | |
| CA1.8 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino | Manexa con destreza útiles segundo as necesidades de cada situación. | |
| CA2.2 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa. | Participa en xogos e situación da vida cotiá, mostrando iniciativa e confianza. | |
| CA2.3 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais. | Participa en xogos, axustando o xogo ás súas posibilidades | |
| CA2.6 - Ofrecer e pedir axuda en situacións cotiás valorando os beneficios da cooperación e da axuda entre iguais. | Ofrece e pide axuda aos compañeiros/os. | |
| CA2.8 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía, aceptando as diferenzas individuais e evitando todo tipo de discriminación. | Acepta as diferenzas individuais sen discriminar nos xogos e actividades colectivas, mostrando iniciativa e afecto | |
| CA3.1 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino. | Manexa con destreza útiles segundo as necesidades de cada situación. | |
| CA3.5 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas. | Recoñece e respecta os tempos das actividades cotiás, e as leva a cabo de xeito autónomo. | |
| CA3.6 - Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas. | Resolve problemas de xeito autónomo, colaborando e aceptando as normas. | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|--|--|----|
| CA4.1 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa. | Participa en xogos e situación da vida cotiá mostrando iniciativa e confianza. | |
| CA4.2 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas. | Recoñece e respecta os tempos das actividades cotiás e as leva a cabo de xeito autónomo. | |
| CA4.3 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía e evitando todo tipo de discriminación. | Relaciónase con outras persoas en xogos e actividades colectivas, evitando todo tipo de discriminación | |
| CA4.4 - Relacionarse de maneira asertiva, con tolerancia e eficacia coas persoas coas que interacciona nas súas rutinas diarias e nas súas actividades cotiás. | Interacciona nas rutinas e nas actividades cotiás de xeito tolerante e asertivo coas demais persoas. | |
| CA4.7 - Desenvolver destrezas e habilidades para a xestión de conflitos de forma positiva proponendo alternativas creativas e tendo en conta o criterio doutras persoas. | Resolve conflitos de forma positiva valorando os intereses de todas as persoas implicadas | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Exploración e control do corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas. - Identificación e respecto das diferenzas, así como a aceptación da súa imaxe corporal e da propia identidade. - Descubrimento dos cambios que se producen nas persoas co paso do tempo, respectando as diferenzas. - Desenvolvemento da identidade sexual e aceptación do corpo sexuado. - Adquisición das nocións básicas de orientación e coordinación de movementos ¿control progresivo da coordinación, ton, equilibrio e desprazamentos¿ co fin de adquirir autonomía na realización das tarefas. - Participación no xogo como actividade pracenteira e fonte de aprendizaxe. Interiorización paulatina das normas de xogo. Dominio activo do ton e a postura en función das características dos obxectos, accións e situacións. - Avance e control progresivo da motricidade fina. - Interiorización das nocións espazo-temporais nas actividades cotiás. - Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas. - Estratexias de axuda e colaboración en contextos de xogo e rutinas. - Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais. - Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias. - Aceptación construtiva de erros e correccións: manifestacións de superación e logro. - Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa. |

Contidos

- Estratexias para a resolución de conflitos e para o desenvolvemento da resiliencia.
- Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene.
- Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados.
- Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna.
- Identificación de situacións perigosas adoptando comportamentos axeitados na prevención de accidentes e enfermidades.
- Xestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo, dereitos, responsabilidades e comportamentos sociais, camiñando progresivamente cara á autorregulación das súas accións.
- Habilidades socioafectivas e de convivencia: comunicación de sentimentos e emocións e pautas básicas de convivencia que inclúan o respecto á igualdade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación.
- Estratexias de autorregulación da conduta. Empatía e respecto.
- Resolución de conflitos xurdidos nas interaccións sociais.
- A amizade como valor, así como elemento protector, de prevención da violencia e de desenvolvemento da cultura da paz.
- Fórmulas de cortesía e interacción social positiva. Actitude de axuda e cooperación. A resposta empática á diversidade debida a distintas formas de discapacidade e ás súas implicacións na vida cotiá.
- Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-------------------|----------|
| 2 | Son así de grande | 35 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|---|----|
| CA1.2 - Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e nas súas diferentes partes mostrando un nivel de detalle acorde á súa idade ou estado madurativo, chegando a interiorizar paulatinamente o seu esquema corporal | Realiza a representación do seu corpo e identifica as súas diferentes partes. | TI |
| CA1.3 - Recoñecer as percepcións sensoriais propioceptivas e exteroceptivas captadas a través dos sentidos verbalizando as sensacións que producen | Explica as sensacións que lle producen os seus sentidos | |
| CA1.4 - Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións | Mostra confianza nas súas posibilidades e actúa acorde ás súas limitacións | |
| CA1.7 - Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade | Recoñece algunhas semellanzas e diferenzas nas valorando a diversidade. | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|--|---|----|
| CA2.1 - Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais. | Fai aportacións con iniciativa sobre as súas emocións, sentimentos e vivencias | |
| CA2.4 - Identificar e expresar as súas necesidades e sentimentos axustando progresivamente o control das súas emocións. | Xestiona as súas emocións expresando os seus sentimentos | |
| CA2.5 - Adquirir un nivel mínimo de tolerancia á frustración e ser capaz de adaptar o seu comportamento a diferentes situacións. | É quen de empregar de estratexias de xestión emocional para tolerar a frustración | |
| CA3.2 - Recoñecer hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais. | Recoñece hábitos saudables, e os aplica no uso dos espazos e materiais. | |
| CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa. | Cóidase e coida a contorna | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
- Análise das producións plásticas, escritas, musicais, etc realizadas polo alumnado.
- Información aportada polas familias ou titores legais na entrevista inicial.
- Diagnóstico do estado físico, emocional, coñecementos previos e limitacións de cada alumna e alumno.

Igualmente, sulñar o factor preventivo da avaliación inicial na atención á diversidade, tanto como medio para a identificación temprana das necesidades educativas como para proceder á aplicación das medidas que se consideren necesarias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación están marcados pola consecución dos criterios de avaliación establecidos para cada unidade ou proxecto. Para iso, o profesorado observará se o alumnado foi capaz de acadar ou non os mínimos de consecución de cada criterio de avaliación e cubrirá a correspondente táboa de indicadores que se elaborarán seguindo a escala de estimación: sen dificultade, en proceso ou con dificultade.

Criterios de recuperación:

Este apartado non procede nesta etapa educativa

6. Medidas de atención á diversidade

A expresión *atención á diversidade* non se refire unicamente ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (ANEAE), senón a todos os nenos e nenas escolarizados no grupo-clase. Isto é debido a que o alumno ou a alumna estándar non existe; cada cativo ou cativa ten capacidades, intereses, motivacións, ritmos de aprendizaxes e situación culturais, sociais e de saúde diferentes que fan que o seu proceso de aprendizaxe sexa único e absolutamente persoal e intransferible. Esta aceptación da diversidade do alumnado, supón por parte dos mestres e mestras unha análise e unha reflexión sobre o seu grupo de alumnos e alumnas.

Por outra banda, sinalar que a fin de garantir a equidade, a nova Lei de Educación aborda os grupos de alumnos e de alumnas que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar algunha necesidade específica de apoio educativo (ANEAE) e, así mesmo, establece os recursos precisos para acometer esta tarefa co obxectivo de lograr a súa plena inclusión e integración.

A adecuada resposta educativa a todos os alumnos e as alumnas concíbese a partir do principio de inclusión, entendendo que unicamente dese modo garántese o desenvolvemento de todos e todas, favorécese a equidade e contribúese a unha maior cohesión social. A atención á diversidade é unha necesidade que abarca a todas as etapas educativas e a todos os alumnos e as alumnas; é dicir, trátase de contemplar a diversidade como principio e non como unha medida que corresponde ás necesidades duns poucos.

Así mesmo, para dar resposta á diversidade do meu alumnado, adoptarei e empregarei estratexias como:

- Organizar o aula de forma accesible, adecuaremos tempos e rutinas en base ás súas necesidades fisiolóxicas, afectivas, de movemento e curriculares.
- Organizar o aula de forma accesible, adecuaremos tempos e rutinas en base ás súas necesidades fisiolóxicas, afectivas, de movemento e curriculares.
- Adecuar á programación didáctica, realizarase unha interpretación flexible do currículo axustada ao grupo clase e ao alumnado con NEAE.
- Empregar diferentes agrupamentos: en parellas, en pequeno grupo e en gran grupo, posto que posibilita secuencias educativas nas que a aprendizaxe ten carácter cooperativo, resultando beneficioso para todos, á vez que posibilita o acceso ás zonas de desenvolvemento próximo.
- Seguir os principios do DUA, propoñendo diferentes medios de acceder á información, de expresarse e de motivar ao alumno.
- Adaptar os tempos, instrumentos e procedementos de avaliación, usando os que mellor se adapten ás características de este alumnado.
- Aproveitar as posibilidades das TIC para todo tipo de alumnado, utilizando diferentes apps para estimulación da linguaxe, o razonamiento e a atención.
- Buscar de maneira continua interactuar co alumnado NEAE, estimulando a súa iniciativa e promovendo o interese por aprender.
- Transmitir a información de maneira clara, concisa e con frases/explicacións curtas.
- Secuenciar as tarefas, incluso con referencias visuais como pictos e axendas.
- Traballar con axudas directas e demostracións (traballo de modelado e imitación).
- Diseñar propostas didácticas seguindo o modelo TEACCH.
- Adecuar as actividades ás diferenzas individuais dos alumnos e das alumnas. Para iso, realizaranse actividades que

reforcen as aprendizaxes duns e que amplíen os doutros. Os educadores e as educadoras poderán seleccionar as actividades de reforzo ou ampliación que estimen convenientes para os seus alumnos e alumnas.

- Evitar tarefas repetitivas e sen interese para o alumnado, que poden facer aparecer conductas disruptivas, a non ser o caso de aqueles alumnos que polas súas necesidades necesiten facer ese tipo de actividades para reforzar aprendizaxes e aportar seguridade.

- Primar o esforzo e non o resultado, intentando sempre aumentar a autoestima, adoitando un enfoque emocional nas actividades, tanto como medida preventiva da discriminación como medio para a valoración das diferencias.

- Ofrecer propostas onde o alumnado poida participar en base ás súas capacidades levando a cabo propostas SEM para aquel alumnado que o necesite.

- Ofrecer sempre situacións de éxito, para ir aumentando a dificultade progresivamente.

- Intervir educativamente sempe dende un enfoque multidisciplinar: (titoría, DO, familia ou titores legais, servicios sanitarios, sociais, etc).

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|--|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Desenvolvemento afectivo e xestión emocional: Para lograr isto crearase un clima de confianza no que os/as nenos/as se expresen libremente; resolveranse situacións conflitivas a través do diálogo; fomentarse a tolerancia e o respecto polos demais; promoverase actividades en grupo nas que se coopere, se respecte e se comparta; etc. | X | X | X | X | X | X | X | |
| ET.2 - Hábitos de coidado e control corporal: Fomentarse o consumo de alimentos sans (froita, verduras), rexeitarase o consumo abusivo de lambetadas, estableceranse unhas normas relacionadas co aseo persoal (lavar as mans antes de comer, soar os mocos), falaremos das situacións de perigo no recreo, na aula, na casa, etc. | X | X | X | X | X | X | X | |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|--|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.3 - Pautas elementais de convivencia e relación social: Supón preparar ós alumnos e ás alumnas para a participación na vida social e cultural. Isto implica: ensinarlles a discriminar comportamentos adecuados e inadecuados; amosarlles a importancia de respectar as normas de convivencia; desenvolver actitudes para ser bos cidadáns (solidariedade, respecto); etc. | X | X | X | X | X | X | X | |
| ET.4 - Coidado da contorna e dos seres vivos: É importante que aprendan a valorar a importancia que ten o medio natural para a vida das persoas e desenvolver actitudes de respecto e coidado cara a el. Para lograr isto: observarase directamente o crecemento dalgunha planta; amosaranse as repercusións que ten a actuación humana sobre o medio; realizaranse actividades con materiais de refugallo; etc. | X | X | X | X | X | X | X | |
| ET.5 - Educación para o consumo responsable: O que se pretende é que os/as nenos/nas vaian adquirindo unha actitude responsable cara ó consumo. Para isto, foméntanse nas aulas actitudes como: non deixar as billas abertas para non perder auga, coidar os materiais individuais e os comúns, mercar soamente o que precisemos, aproveitar ao máximo o material escolar, etc. | X | X | X | X | X | X | X | |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.6 - Educación igualitaria e libre de estereotipos: Como mestres e mestras debemos procurar que os/as alumnos/as se formen en igualdade de condicións e cos mesmos dereitos e obrigas. Para acadar isto vaise: narrar contos cambiando os papeis que tradicionalmente se lles asignaban ós homes e ás mulleres; comentar a necesidade de que tanto os nenos como as nenas deben colaborar nas tarefas domésticas... | X | X | X | X | X | X | X | |

| | UD 9 | UD 10 |
|--|------|-------|
| ET.1 - Desenvolvemento afectivo e xestión emocional: Para lograr isto crearase un clima de confianza no que os/as nenos/as se expresen libremente; resolveranse situacións conflitivas a través do diálogo; fomentarase a tolerancia e o respecto polos demais; promoverase actividades en grupo nas que se coopere, se respecte e se comparta; etc. | | |
| ET.2 - Hábitos de coidado e control corporal: Fomentarase o consumo de alimentos sans (froita, verduras), rexeitarase o consumo abusivo de lambetadas, estableceranse unhas normas relacionadas co aseo persoal (lavar as mans antes de comer, soar os mocos), falaremos das situacións de perigo no recreo, na aula, na casa, etc. | | |

| | UD 9 | UD 10 |
|---|------|-------|
| <p>ET.3 - Pautas elementais de convivencia e relación social: Supón preparar ós alumnos e ás alumnas para a participación na vida social e cultural. Isto implica: ensinarlles a discriminar comportamentos adecuados e inadecuados; amosarlles a importancia de respectar as normas de convivencia; desenvolver actitudes para ser bos cidadáns (solidariedade, respecto); etc.</p> | | |
| <p>ET.4 - Coidado da contorna e dos seres vivos: É importante que aprendan a valorar a importancia que ten o medio natural para a vida das persoas e desenvolver actitudes de respecto e coidado cara a el. Para lograr isto: observarase directamente o crecemento dalgunha planta; amosaranse as repercusións que ten a actuación humana sobre o medio; realizaranse actividades con materiais de refugallo; etc.</p> | | |
| <p>ET.5 - Educación para o consumo responsable: O que se pretende é que os/as nenos/nas vaian adquirindo unha actitude responsable cara ó consumo. Para isto, foméntanse nas aulas actitudes como: non deixar as billas abertas para non perder auga, coidar os materiais individuais e os comúns, mercar soamente o que precisemos, aproveitar ao máximo o material escolar, etc.</p> | | |

| | UD 9 | UD 10 |
|---|------|-------|
| ET.6 - Educación igualitaria e libre de estereotipos: Como mestres e mestras debemos procurar que os/as alumnos/as se formen en igualdade de condicións e cos mesmos dereitos e obrigas. Para acadar isto vaise: narrar contos cambiando os papeis que tradicionalmente se lles asignaban ós homes e ás mulleres; comentar a necesidade de que tanto os nenos como as nenas deben colaborar nas tarefas domésticas... | | |

Observacións:

Os temas transversais, son traballados de maneira globalizada en diversas actividades e en diversos momentos da xornada escolar, polo que van estar presentes en todas as Unidades ou Proxectos realizados ó longo do curso.

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|----------|----------|----------|
| Visita de persoa experta | En cada unidade invitaremos a unha ou varias persoas para que actúe como experto na materia que estamos a traballar. | X | X | X |
| Contacontos | En diferentes momentos, convidaremos a un/unha familiar do alumnado ou a un/unha contacontos profesional para que veña a contar un conto relacionado co tema que estamos a traballar ou coa festividade que esteamos a conmemorar. | X | X | X |
| Saída relacionadas coa Unidade ou Proxecto traballado | En cada unidade realizaremos unha saída pola contorna para afondar no traballo na aula. | X | X | X |
| Saída de fin de curso | Actividade lúdica para descubrir a contorna e para conmemorar o final de curso en compañía do resto de alumnos e alumnas do centro educativo. | | | X |
| Conmemoracións e festas | Realizaremos todas as conmemoracións de obrigado cumprimento que aparecen recollidas na Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia. Igualmente, ó longo do curso celebraremos outras festividade como o Samagosto, o Nadal, etc. que aparecen contempladas na PXA. | X | X | X |

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--|---|----------|----------|----------|
| Actividades para facilitar a transición a E.P. | En diversos momentos do ano académico, efectuaremos actividades conxuntas con diversas aulas de primaria (especialmente primeiro ciclo) para favorecer a transición a esta etapa educativa. Por exemplo: manualidades cooperativas polo Nadal, xogos tradicionais cos alumnos/as de primeiro polo día do xogo, padriños e madriñas no transporte escolar, acto de graduación e despedida de infantil... | | | X |

Observacións:

As actividades complementarias teñen como obxectivo fundamental a educación integral do alumnado tanto no ámbito escolar como no seu contorno. Estas actividades serán formativas, culturais, sociais e lúdicas.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Presento e propoño un plan de traballo, explicando a súa finalidade, antes de cada unidade. |
| Relaciono os diferentes elementos curriculares e as actividades cos intereses e coñecementos previos dos meus alumnos. |
| Facilito a adquisición de novos contidos a través dos pasos necesarios, intercalando preguntas aclaratorias, sintetizando, exemplificando, etc. |
| Metodoloxía empregada |
| Suscito situacións introdutorias previas ao tema que se vai a tratar (traballos, diálogos, lecturas...). |
| Manteño o interese do alumnado partindo das súas experiencias, cunha linguaxe clara e adaptada... |
| Comunico a finalidade das aprendizaxes, a súa importancia, funcionalidade, aplicación real. |
| Propoño aos meus alumnos actividades variadas (de diagnóstico, de introdución, de motivación, de desenvolvemento, de síntese, de consolidación, de recuperación, de ampliación e de avaliación). |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| Estruturo e organizo os contidos dando unha visión xeral de cada tema (mapas conceptuais, esquemas, que teñen que aprender, que é importante, ...). |
| Adopto distintos agrupamentos en función do momento, da tarefa a realizar, dos recursos a utilizar... etc., controlando sempre que o adecuado clima de traballo. |
| Utilizo recursos didácticos variados (audiovisuais, informáticos, técnicas de aprender a aprender...), tanto para a presentación dos contidos como para a práctica dos alumnos, favorecendo o uso autónomo por parte dos mesmos. |
| Medidas de atención á diversidade |
| Suscito actividades que aseguran a adquisición dos obxectivos didácticos previstos e as habilidades e técnicas instrumentais básicas. |

| |
|--|
| Clima de traballo na aula |
| Nas actividades que propoño existe equilibrio entre as actividades individuais e traballos en grupo. |
| Distribúo o tempo adecuadamente (breve tempo de exposición e o resto do mesmo para as actividades que os alumnos realizan na clase). |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| Dou información dos progresos conseguidos así como das dificultades atopadas. |

Descrición:

Coa finalidade de mellorar a propia práctica docente realizarase unha autoavaliación por parte do profesorado, facendo unha valoración de diferentes indicadores relacionados co traballo docente e aportando suxestións que permitan mellorar a nosa función educativa. Así, e como se amosa anteriormente, avaliaremos diferentes ítems relacionados con estes aspectos, como por exemplo: a motivación do alumnado, a presentación dos diferentes contidos, as actividades de aula, a organización e xestión do traballo de aula e as instrucións, aclaracións, orientacións aportadas ao alumnado, etc.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Coa avaliación, o que se pretende, é analizar tódolos aspectos do proceso educativo, recollendo información que permita mellorar o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Os membros do equipo docente de Educación Infantil levaremos a cabo reunións periódicas nas que se analice o desenvolvemento da programación nos distintos niveis e, deste xeito, ir subsanando as deficiencias que poidan xurdir ao longo da práctica docente.

Na análise desta práctica valorarase o grao de consecución dos obxectivos, cales se acadaron con máis facilidade, cales non se cumpriron e as causas. Tamén se analizarán os contidos, se estaban axeitados a idade, se eran suficientes, o seu grao de dificultade, etc. Non nos esqueceremos de avaliar os métodos utilizados, a idoneidade dos recursos materias, a didáctica e os tempos e espazos.

A continuación amósanse algúns exemplos dos ítems que nos permitirán avaliar a nosa programación:

- Distribúense axeitadamente todos os obxectivos xerais ao longo curso.
- As competencias conéctanse cos criterios de avaliación e a súa concreción en mínimos de consecución, para poder ser avaliadas.
- Organización temporal dos contidos ao longo do curso, en unidades de traballo ou proxectos.
- Presentación integrada dos contidos sen necesidade de diferenciar en conceptuais, procedimentais e actitudinais.
- Vinculación dos contidos con situacións reais, significativas, funcionais ou motivantes para o alumnado.
- Concreción suficiente dos criterios de avaliación para ser observables ou medibles con mediante diversos procedementos e instrumentos de avaliación.
- Actividades de apoio, reforzo e recuperación para atender á diversidade tendo en conta as aprendizaxes consideradas como mínimos.
- Autorregulación da propia aprendizaxe: uso da autoevaluación e a coevaluación polo alumnado.
- Uso variado e coherente de diferentes métodos e estilos de ensino.
- Estratexias para desenvolver procesos globalizados de ensino e aprendizaxe.
- Consideración de metodoloxías que consideran o papel activo do alumno como factor decisivo da aprendizaxe.
- Previsión de tarefas e propostas didácticas contextualizadas en situacións ou problemas significativos, funcionais e motivantes para o alumnado.
- Metodoloxías de traballo cooperativo.
- Importancia da investigación por parte do alumnado: metodoloxía de proxectos, descubrimento guiado, resolución de problemas da vida cotiá, webquest.
- Organización flexible dos recursos espazo-temporais, agrupamentos e materiais
- Incorporación da forma de abordar os valores democráticos que establece o currículo.
- Asociación temporal dos distintos valores democráticos coas unidades ou proxectos nos que se van traballar.
- Medidas de atención á diversidade.
- Coordinación entre o profesorado que intervén co grupo de alumnos.
- Coordinación do profesorado coas familias.

Finalmente, sinalar que haberá un seguimento a través da aplicación Proens dende a coordinación de ciclo en infantil ao rematar cada trimestre.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|--|------------|---------------|
| 36016942 | CEIP Plurilingüe de Santiago de Oliveira | Ponteareas | 2023/2024 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesiões semanais | Sesiões anuais |
|--------------------|--|---------|------------------|----------------|
| Educación infantil | Descubrimiento e exploración da contorna | 6º Inf. | 8 | 280 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 4 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 5 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 15 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 16 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 17 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 17 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 17 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 18 |
| 7.2. Actividades complementarias | 20 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 21 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 22 |
| 9. Outros apartados | 23 |

1. Introducción

A programación da área de Descubrimiento e Exploración da Contorna no curso de 6º de EI refírese ós coñecementos que a nena e o neno van adquirindo mediante o contacto coa súa contorna e cos grupos sociais básicos cos que se relaciona e ós que pertence, ampliando o seu coñecemento do mundo que o rodea e da súa relación co mesmo, favorecendo ao tempo actitudes de respecto e valoración a través dunha visión sostible do entorno. Polo tanto, o fin da área estará ben vinculado cun enfoque coeducativo e estimulador das emocións, así como coa promoción dunha actitude crítica e creativa.

Os obxectivos da área oriéntanse, polo tanto, ao desenvolvemento do pensamento e das estratexias cognitivas a través do proceso de descubrimento da contorna física e natural. Con iso refórzase a súa disposición por indagar, poténciase unha actitude progresivamente cuestionadora e anímase a propoñer solucións diversificadas. Preténdese, en conclusión, potenciar a curiosidade infantil cara á contorna, así como estimular unha disposición activa cara ao seu coñecemento, propiciando ademais a evolución desde o plano individual cara ao colectivo.

Tamén sinalar que esta programación está deseñada para ser desenvolvida, conxuntamente coas programacións das outras dúas áreas, a través da realización de unidades didácticas entendidas como proxectos de aula formados por situacións de aprendizaxe (tarefas, actividades e exercicios). Consideramos fundamental seguir respectando o principio de globalidade á hora de deseñar estas situacións de aprendizaxe, onde se poñan en práctica habilidades e capacidades relacionadas coas tres áreas curriculares.

Finalmente, comentar que temporalización das unidades proposta é orientativa e poderá ser modificada tendo en conta as realidades educativas de cada persoa mestra. Atoparemos dúas unidades didácticas (a modo de proxecto) en cada trimestre, e unha unidade transversal que se desenvolverá ao longo de todo o curso onde se traballarán de forma reiterativa aspectos moi concretos relacionados coa área e que complementará o traballado nas outras unidades.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|-----|----|------|----|-------|----|----|------|
| OBX1 - Identificar as características de materiais, obxectos e coleccións e establecer relacións entre eles, mediante a exploración, a manipulación sensorial, o manexo de ferramentas sinxelas e o desenvolvendo das destrezas lóxico-matemática para descubrir e crear unha idea cada vez máis complexa do mundo. | 1 | | 1 | 1 | 1 | | 1 | |
| OBX2 - Desenvolver, de maneira progresiva, os procedementos do método científico e as destrezas do pensamento computacional, a través de procesos de observación e manipulación de obxectos, para iniciarse na interpretación da contorna e responder de forma creativa ás situacións e aos retos que se presenten. | 1 | | 1 | 1 | 1 | | 1 | |
| OBX3 - Recoñecer elementos e fenómenos da natureza amosando interese polos hábitos que inciden sobre ela para apreciar a importancia do uso sostible, o coidado e a conservación da contorna na vida das persoas. | 1 | | | 1 | | | | 1 |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|-----|----|------|----|-------|----|----|------|
| OBX4 - Identificar as características e funcións dos grupos e organizacións da comunidade, apreciando algúns elementos significativos propios da cultura galega como base para a construción da identidade social desde o coñecemento e a valoración das particularidades do mundo circundante. | 1 | 1 | | 1 | | 1 | | 1 |

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|------------------------|--|------------|----------|----------|----------|
| 1 | Medrando sans. | Esta proposta vaise levar a cabo ó longo de todo o ano, posto que o deporte foi o tema elexido por todo o claustro para o PDI de Centro deste curso académico 2023-2024. Así, durante o curso vamos realizar diversas actividades que nos permitan, entre outros aspectos, coñecer diferentes elementos do entorno próximo. | 40 | X | | |
| 2 | Son así de grande. | Con esta proposta traballarase o corpo, as partes do mesmo, a importancia dos sentidos, o paso do tempo, o exercicio, os coidados básicos de hixiene e saúde..., en definitiva, abordaremos un centro motivador importantísimo nesta idade como é o corpo, co obxectivo de axudar ós nenos e ás nenas a descubrirse a si mesmo e coñecer mellor os seus compañeiros e compañeiras. | 40 | X | | |
| 3 | Un Nadal para todos. | Esta proposta coincide coa preparación dunha festa de grande tradición: o Nadal. É unha época máxica e chea de ilusión, durante a cal os nenos e as nenas escriben a carta ós Reis Magos e ó apalpador solicitando os agasallos que desexan e representan panxoliñas para familiares e amigos e amigas. Por iso, aproveitarei esta circunstancia para desenvolver no alumnado valores e actitudes solidarias e responsables, convidándoos a que soliciten un número razoado de xoguetes e os compartan cos seus amigos e amigas. Igualmente, elaboraremos instrumentos e xoguetes con materiais reutilizables, empregando diversas técnicas plásticas. | 40 | X | | |
| 4 | Un entroido delicioso. | Aproveitando o pensamento máxico e animista dos nenos e das nenas celebraremos o Entroido. Unha festa na que participan de maneira alegre, activa e respectuosa porque amosan un gran interese polos disfraces e as imitacións. Así mesmo, aproveitarase esta proposta para coñecer un pouco máis afondo esta | 40 | | X | |

| UD | Título | Descrición | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|------------------------|--|------------|----------|----------|----------|
| 4 | Un entroido delicioso. | festa tradicional e incluso achegarnos a outras culturas. | 40 | | X | |
| 5 | Cores e flores. | Esta proposta ten como centro de interese a primavera. Trátase dunha época do ano idónea para que os nenos e nenas manipulen, observen, experimenten e se familiaricen coas flores e plantas e, ao mesmo tempo, para que valoren a importancia que ten, tanto para as persoas como para os animais, coidar e respectar o mundo vexetal. | 40 | | X | |
| 6 | Onde está o Cuco? | Esta Unidade é moi interesante e atractiva para os nenos e as nenas porque, dende moi pequeniños, están en contacto co mundo animal. A través desta proposta educativa preténdese coñecer diferentes animais salvaxes e domésticos, o hábitat no que viven... Así como desenvolver hábitos de coidado polo mundo animal e coñecer diferentes profesións relacionadas con el. | 40 | | | X |
| 7 | As nosas festas. | Con esta proposta de traballo preténdese que o alumnado comece a valorar a cultura galega. Para iso, aproveitando que nestas datas se celebran os Maios e as Letras Galegas fomentaranse nos nenos e nenas actitudes para a comprensión e valoración na nosa cultura. | 40 | | | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|----------------|----------|
| 1 | Medrando sans. | 40 |

| Cráterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|---|----|
| CA1.2 - Empregar os cuantificadores básicos máis significativos no contexto do xogo e na interacción coas demais persoas. | Emprega os cuantificadores básicos correctos en diferentes contextos. | TI |
| CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información. | Fai asociacións comprensivas dos números e as súas grafías, recoñecendo as cantidades e iniciándose no uso das diferentes operacións. | |
| CA1.5 - Situarse adecuadamente nos espazos habituais, tanto en repouso coma en movemento, aplicando os seus coñecementos acerca das nocións espaciais básicas e xogando co propio corpo e con obxectos. | Desplázase polo espazo empregando nocións espaciais básicas, adaptando o movemento aos obxectos presentes e ás accións dos demais. | |
| CA1.6 - Describir e representar graficamente a súa situación con relación aos obxectos e ás demais persoas usando vocabulario topolóxico básico. | Representa graficamente a súa situación no espazo, así como os obxectos e persoas situados nel ,empregando o vocabulario topolóxico básico. | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|--|---|----|
| CA1.7 - Identificar as situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas. | Recoñecer situacións susceptibles de medir e cuantificar. | |
| CA1.8 - Recoñecer e utilizar as nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa propia vida e accións cotiás. | Comprende e ordena temporalmente situacións que lle son próximas. | |
| CA2.2 - Xestionar situacións, dificultades, retos ou problemas planificando secuencias de actividades, mostrando interese e iniciativa e colaborando cos seus iguais. | Colabora cos seus iguais na secuenciación de accións para deseñar solucións e aplicalas a diferentes situacións problemáticas e/ou retos. | |
| CA2.3 - Aplicar estratexias para canalizar a frustración ante as dificultades ou os problemas. | E quen de empregar estratexias para tolerar a frustración en situacións problemáticas. | |
| CA2.5 - Utilizar diferentes estratexias para a toma de decisións con progresiva autonomía afrontando o proceso de creación de solucións orixinais en resposta aos retos que se lle presenten. | Emprega estratexias persoais para resolver problemas colaborando cos demais. | |
| CA2.6 - Programar secuencias de accións ou instrucións para a resolución de tarefas analóxicas e dixitais que favorezan o desenvolvemento de habilidades básicas de pensamento computacional. | Ordena accións mostrando interese e iniciativa na resolución de tarefas analóxicas e dixitais. | |
| CA2.7 - Participar en proxectos empregando dinámicas e estruturas cooperativas, compartindo e valorando opinións propias e alleas e expresando conclusións persoais a partir delas. | Participa en propostas cooperativas, valorando respectuosamente as aportacións alleas e chegando a acordos. | |
| CA2.8 - Iniciarse en actividades relacionadas coa metodoloxía STEAM como modelo de aprendizaxe activo. | Participa mostrando iniciativa en actividades STEAM. | |
| CA3.6 - Valorar a necesidade de coidar e de respectar os seres vivos. | Respecta e valora os seres vivos do seu entorno e contribúe ao seu coidado. | |
| CA4.1 - Identificar o núcleo familiar e a escola como os primeiros grupos sociais de pertenza valorando positivamente as relacións afectivas que se establecen e a súa importancia no desenvolvemento persoal. | Expresa afectos e emocións positivas relacionados coa familia e cos seus iguais. | |
| CA4.2 - Valorar a importancia das relacións sociais coas persoas da súa contorna. | Amosa iniciativa para relacionarse coas persoas da súa contorna de xeito respectuoso. | |
| CA4.3 - Recoñecer diferentes modelos familiares mostrando respecto polas diferenzas. Descubrir e identificar os parentescos. | Coñece e describe modelos de familia e parentescos de xeito respectuoso . | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Obxectos e materiais. Interese, curiosidade e actitude de respecto durante a súa exploración. - Emprego de cuantificadores básicos contextualizados. - Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidadade, número e graffa. Situacións nas que se fai necesario medir. |

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Construción de nocións espaciais básicas en relación co propio corpo, cos obxectos e coas accións, tanto en repouso coma en movemento. - Adquisición do concepto de tempo nas actividades cotiás e a súa organización: antes-despois, día-noite, estacións, ciclos, calendario... - Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento. - Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións. - Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento. - Coavaliación do proceso e dos resultados. Achados, verificación e conclusións. - Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático. - Respecto e protección do medio natural. Respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico. - A familia e os distintos modelos familiares. A súa estrutura e os seus membros. - Relacións de parentesco. - A escola. - Actitudes de respecto cara ás manifestacións culturais da súa contorna próxima. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------------|----------|
| 2 | Son así de grande. | 40 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|--|----|
| CA2.1 - Identificar as situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas. | É quen de identificar situacións cotiás onde empregar o corpo e/ou outros materiais para efectuar medidas. | TI |
| CA3.4 - Descubrir e recoñecer os elementos máis identificativos do patrimonio natural, tanto da contorna coma da comunidade. | Recoñece os elementos mais identificativos do patrimonio natural e social da súa contorna e valora a súa importancia. | |
| CA4.5 - Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándoas como sinais de identidade. | Recoñece as principais festas, costumes e tradicións, propias e alleas, e participa nalgunha delas mostrando interese. | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento. - Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións. - Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento. |

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Coavaliación do proceso e dos resultados. Achados, verificación e conclusións. - Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático. - A relación dos seres humanos cos animais. Empatía, coidado e protección dos animais. Respecto dos seus dereitos. - Respecto e protección do medio natural. Respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico. - A familia e os distintos modelos familiares. A súa estrutura e os seus membros. - Relacións de parentesco. - A escola. - Actitudes de respecto cara ás manifestacións culturais da súa contorna próxima. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|----------------------|-----------------|
| 3 | Un Nadal para todos. | 40 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|--|-----------|
| CA1.1 - Establecer distintas relacións entre os obxectos a partir das súas calidades ou atributos mostrando curiosidade e interese. | Establece relacións entre obxectos en función de varios atributos. | TI |
| CA1.4 - Recoñecer na súa contorna cotiá elementos xeométricos básicos. | Identifica e diferencia formas xeométricas básicas na contorna. | |
| CA2.1 - Identificar as situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas. | É quen de identificar situacións cotiás onde empregar o corpo e/ou outros materiais para efectuar medidas. | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Obxectos e materiais. Interese, curiosidade e actitude de respecto durante a súa exploración. - Identificación das calidades ou atributos dos obxectos. Relacións de orde, correspondencia, clasificación e comparación. - Diferenciación de formas planas e tridimensionais: corpos xeométricos. - Emprego de cuantificadores básicos contextualizados. - Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidadade, número e grafía. Situacións nas que se fai necesario medir. - Adquisición do concepto de tempo nas actividades cotiás e a súa organización: antes-despois, día-noite, estacións, ciclos, calendario... - Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento. |

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de construción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna. - Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información. - Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións. - Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento. - Coavaliación do proceso e dos resultados. Achados, verificación e conclusións. - Resolución de situacións problemáticas empregando diferentes magnitudes. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|------------------------|-----------------|
| 4 | Un entroido delicioso. | 40 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|--|---|-----------|
| CA3.2 - Establecer relacións causa-efecto entre o medio natural e social a partir do coñecemento e da observación dalgúns fenómenos naturais e dos elementos patrimoniais presentes no medio físico. | Recoñece e describe os efectos producidos por fenómenos naturais tanto en contextos sociais coma naturais. | TI |
| CA3.3 - Identificar elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a necesidade de facer un uso responsable deles. | Identifica elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a importancia de facer un uso responsable. | |
| CA3.4 - Descubrir e recoñecer os elementos máis identificativos do patrimonio natural, tanto da contorna coma da comunidade. | Recoñece os elementos máis identificativos do patrimonio natural e social da súa contorna, e valora a súa importancia. | |
| CA4.4 - Descubrir as distintas profesións, organizacións e servizos da contorna valorando as súas funcións e a importancia social da súa actividade. | Identifica e valora as diferentes profesións, organizacións e servizos da súa comunidade. | |
| CA4.5 - Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándoas como sinais de identidade. | Recoñece as principais festas, costumes e tradicións, propias e alleas, e participa nalgunha delas mostrando interese. | |
| CA4.6 - Identificar elementos propios do patrimonio cultural de Galicia e algúns dos seus personaxes máis relevantes. | Recoñece elementos e personaxes do patrimonio cultural galego. | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Experimentación de accións cos elementos naturais: auga, terra, aire. Características e comportamento (peso, capacidade, volume, mesturas ou transvasamentos). - Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático. |

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Relacións causa-efecto dos fenómenos naturais e da acción humana sobre o medio: incendios, inundacións, extincións, prácticas non sostibles. - Recursos naturais. Sustentabilidade, enerxías limpas e naturais. - Identificación de fenómenos naturais: identificación e repercusión na vida das persoas. - A relación dos seres humanos cos animais. Empatía, coidado e protección dos animais. Respecto dos seus dereitos. - Respecto e protección do medio natural. Respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico. - A familia e os distintos modelos familiares. A súa estrutura e os seus membros. - Relacións de parentesco. - Valoración de profesións e servizos da comunidade desde unha perspectiva de xénero. - Actitudes de respecto cara ás manifestacións culturais da súa contorna próxima. - Patrimonio e persoas relevantes da cultura galega. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-----------------|----------|
| 5 | Cores e flores. | 40 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|---|----|
| CA1.1 - Establecer distintas relacións entre os obxectos a partir das súas calidades ou atributos mostrando curiosidade e interese. | Establece relacións entre obxectos en función de varios atributos. | TI |
| CA2.4 - Expor hipóteses acerca do comportamento de certos elementos ou materiais verificándoos a través da manipulación e da actuación sobre eles. | Propón hipótesis e leva a cabo accións para comprobalas. | |
| CA3.1 - Mostrar unha actitude de respecto e coidado e protección cara ao medio natural e os animais identificando o impacto dalgunhas accións humanas sobre el. | Coñece situacións de risco provocadas pola actuación das persoas no medio natural e as rexeita, así como as que favorecen no mesmo un desenvolvemento sostible. | |
| CA3.2 - Establecer relacións causa-efecto entre o medio natural e social a partir do coñecemento e da observación dalgunos fenómenos naturais e dos elementos patrimoniais presentes no medio físico. | Recoñece e describe os efectos producidos por fenómenos naturais tanto en contextos sociais coma naturais. | |
| CA3.3 - Identificar elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a necesidade de facer un uso responsable deles. | Identifica elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a importancia de facer un uso responsable. | |
| CA3.5 - Identificar trazos comúns e diferentes entre seres vivos e inertes, así como as súas características máis significativas. | Recoñece as características propias dos seres vivos e dos inertes, e establece comparacións entre eles. | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Obxectos e materiais. Interese, curiosidade e actitude de respecto durante a súa exploración.
- Identificación das calidades ou atributos dos obxectos. Relacións de orde, correspondencia, clasificación e comparación.
- Emprego de cuantificadores básicos contextualizados.
- Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidade, número e grafa. Situacións nas que se fai necesario medir.
- Adquisición do concepto de tempo nas actividades cotiás e a súa organización: antes-despois, día-noite, estacións, ciclos, calendario...
- Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento.
- Estratexias de construción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna.
- Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información.
- Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións.
- Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento.
- Coavaliación do proceso e dos resultados. Achados, verificación e conclusións.
- Habilidades do pensamento computacional.
- Relacións causa-efecto na manipulación de obxectos.
- Resolución de situacións problemáticas empregando diferentes magnitudes.
- Experimentación de accións cos elementos naturais: auga, terra, aire. Características e comportamento (peso, capacidade, volume, mesturas ou transvasamentos).
- Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático.
- Relacións causa-efecto dos fenómenos naturais e da acción humana sobre o medio: incendios, inundacións, extincións, prácticas non sostibles.
- Recursos naturais. Sustentabilidade, enerxías limpas e naturais.
- Respecto e protección do medio natural. Respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-------------------|----------|
| 6 | Onde está o Cuco? | 40 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|-------------------------|------------------------|----|
|-------------------------|------------------------|----|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|--|---|----|
| CA2.4 - Expor hipóteses acerca do comportamento de certos elementos ou materiais verificándoos a través da manipulación e da actuación sobre eles. | Propón hipótesis e leva a cabo accións para comprobalas. | TI |
| CA3.1 - Mostrar unha actitude de respecto e coidado e protección cara ao medio natural e os animais identificando o impacto dalgunhas accións humanas sobre el. | Coñece situacións de risco provocadas pola actuación das persoas no medio natural e as rexeita, así como as que favorecen no mesmo un desenvolvemento sostible. | |
| CA3.2 - Establecer relacións causa-efecto entre o medio natural e social a partir do coñecemento e da observación dalgúns fenómenos naturais e dos elementos patrimoniais presentes no medio físico. | Recoñece e describe os efectos producidos por fenómenos naturais tanto en contextos sociais coma naturais. | |
| CA3.3 - Identificar elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a necesidade de facer un uso responsable deles. | Identifica elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a importancia de facer un uso responsable. | |
| CA3.5 - Identificar trazos comúns e diferentes entre seres vivos e inertes, así como as súas características máis significativas. | Recoñece as características propias dos seres vivos e dos inertes e establece comparacións entre eles. | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento. - Estratexias de construción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna. - Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información. - Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións. - Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento. - Coavaliación do proceso e dos resultados. Achados, verificación e conclusións. - Habilidades do pensamento computacional. - Relacións causa-efecto na manipulación de obxectos. - Resolución de situacións problemáticas empregando diferentes magnitudes. - Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático. - Relacións causa-efecto dos fenómenos naturais e da acción humana sobre o medio: incendios, inundacións, extincións, prácticas non sostibles. - Recursos naturais. Sustentabilidade, enerxías limpas e naturais. - Os seres vivos e as súas características. - Respecto e protección do medio natural. Respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|------------------|----------|
| 7 | As nosas festas. | 40 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|--|---|----|
| CA1.1 - Establecer distintas relacións entre os obxectos a partir das súas calidades ou atributos mostrando curiosidade e interese. | Establece relacións entre obxectos en función de varios atributos. | TI |
| CA1.4 - Recoñecer na súa contorna cotiá elementos xeométricos básicos. | Identifica e diferencia formas xeométricas básicas na contorna. | |
| CA2.1 - Identificar as situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas. | É quen de identificar situacións cotiás onde empregar o corpo e/ou outros materiais para efectuar medidas. | |
| CA3.1 - Mostrar unha actitude de respecto e coidado e protección cara ao medio natural e os animais identificando o impacto dalgúns accións humanas sobre el. | Coñece situacións de risco provocadas pola actuación das persoas no medio natural e as rexeita, así como as que favorecen no mesmo un desenvolvemento sostible. | |
| CA3.2 - Establecer relacións causa-efecto entre o medio natural e social a partir do coñecemento e da observación dalgúns fenómenos naturais e dos elementos patrimoniais presentes no medio físico. | Recoñece e describe os efectos producidos por fenómenos naturais tanto en contextos sociais coma naturais. | |
| CA3.3 - Identificar elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a necesidade de facer un uso responsable deles. | Identifica elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a importancia de facer un uso responsable. | |
| CA3.4 - Descubrir e recoñecer os elementos máis identificativos do patrimonio natural, tanto da contorna coma da comunidade. | Recoñece os elementos mais identificativos do patrimonio natural e social da súa contorna e valora a súa importancia.. | |
| CA4.4 - Descubrir as distintas profesións, organizacións e servizos da contorna valorando as súas funcións e a importancia social da súa actividade. | Identifica e valora as diferentes profesións, organizacións e servizos da sua comunidade. | |
| CA4.5 - Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándoa como sinais de identidade. | Recoñece as principais festas, costumes e tradicións ,propias e alleas, e participa nalgunha delas mostrando interese. | |
| CA4.6 - Identificar elementos propios do patrimonio cultural de Galicia e algúns dos seus personaxes máis relevantes. | Recoñece elementos e personaxes do patrimonio cultural galego. | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Obxectos e materiais. Interese, curiosidade e actitude de respecto durante a súa exploración. - Identificación das calidades ou atributos dos obxectos. Relacións de orde, correspondencia, clasificación e comparación. - Diferenciación de formas planas e tridimensionais: corpos xeométricos. |

Contidos

- Emprego de cuantificadores básicos contextualizados.
- Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidade, número e grafía. Situacións nas que se fai necesario medir.
- Construción de nocións espaciais básicas en relación co propio corpo, cos obxectos e coas accións, tanto en repouso coma en movemento.
- Identificación das nocións topográficas básicas no plano.
- Adquisición do concepto de tempo nas actividades cotiás e a súa organización: antes-despois, día-noite, estacións, ciclos, calendario...
- Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento.
- Estratexias de construción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna.
- Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información.
- Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións.
- Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento.
- Coavaliación do proceso e dos resultados. Achados, verificación e conclusións.
- Habilidades do pensamento computacional.
- Relacións causa-efecto na manipulación de obxectos.
- Resolución de situacións problemáticas empregando diferentes magnitudes.
- Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático.
- Relacións causa-efecto dos fenómenos naturais e da acción humana sobre o medio: incendios, inundacións, extincións, prácticas non sostibles.
- Recursos naturais. Sustentabilidade, enerxías limpas e naturais.
- Identificación de fenómenos naturais: identificación e repercusión na vida das persoas.
- Os seres vivos e as súas características.
- A relación dos seres humanos cos animais. Empatía, coidado e protección dos animais. Respecto dos seus dereitos.
- Respecto e protección do medio natural. Respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico.
- A familia e os distintos modelos familiares. A súa estrutura e os seus membros.
- A escola.
- O barrio e o concello: servizos, características e funcións.
- Valoración de profesións e servizos da comunidade desde unha perspectiva de xénero.
- Actitudes de respecto cara ás manifestacións culturais da súa contorna próxima.
- Festas e tradicións do ciclo anual e da cultura galega.

Contidos

- Patrimonio e persoas relevantes da cultura galega.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Na área que nos atopamos (DEC) será precisa unha intervención educativa que faga achega de distintas opcións para o acceso aos contidos, que contemple un deseño de ambientes de aprendizaxe ricos en recursos e oportunidades e que potencie a motivación e as metodoloxías activas aproveitando a curiosidade innata do noso alumnado por descubrir e explorar o mundo que o rodea.

As principais ferramentas de traballo para desenvolver axeitadamente os procesos de razoamento lóxico e o método científico serán as nocións matemáticas, espaciais e temporais, a curiosidade, a resolución de retos e busca de solucións e a promoción de actividades manipulativas e sensoriais, sempre contextualizadas, partindo de coñecementos e experiencias previas e respectando os diferentes ritmos de aprendizaxe e a diversidade do alumnado.

O deseño de situacións STEAM que faciliten aplicar habilidades do pensamento computacional se fará dende un enfoque coeducativo e o respecto ás emocións, propias e alleas.

Finalmente, promoveremos actitudes activas de sensibilidade cara o medio ambiente, integrando hábitos de vida sans e sostibles, así como unha perspectiva divulgativa, crítica e afectuosa respecto aos elementos identitarios da propia cultura, fomentando o respecto cara outras.

Para acadar isto, as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe desta área son:

- A achega de distintas opcións para o acceso aos contidos, o deseño de ambientes de aprendizaxe ricos en recursos e oportunidades, a promoción da motivación ou o emprego de metodoloxías activas serán eixes básicos da intervención educativa, aproveitando a curiosidade que ten o alumnado por explorar e descubrir o mundo que o rodea.
- A construción de sólidos vínculos afectivos entre o profesorado e o alumnado do grupo, de xeito que este último sinta o necesario equilibrio e seguridade emocional para afrontar os retos e as experiencias do día a día.
- O deseño de actividades motivadoras que respondan á diversidade do alumnado e que favorezan a superación de barreiras, de cara a lles facilitar a exploración da contorna.
- A proposta de situacións de aprendizaxe contextualizadas a partir das súas experiencias e coñecementos previos para garantir a significatividade, nas cales as nocións matemáticas, espaciais e temporais sexan as ferramentas de traballo no desenvolvemento dos procesos de razoamento lóxico e método científico.
- A curiosidade, a realización de actividades manipulativas e sensoriais, a resolución de retos e situacións problemáticas e a busca de solucións de maneira autónoma e imaxinativa, respectando os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e favorecendo a capacidade de aprender por si mesmos e promovendo o traballo en equipo.
- A sensibilidade cara ao medio ambiente e a necesidade de actuar para preservalo fomentando o coidado e a mellora da contorna mediante a integración de hábitos de vida sans e sustentables.
- O achegamento á contorna próxima fomentando a súa exploración activa, o seu coñecemento, gozo e respecto, así como o descubrimento da contorna máis afastada a través das experiencias vividas e dos medios tecnolóxicos e analóxicos que susciten o interese do alumnado por coñecerlas.
- O deseño e a organización de ambientes de aprendizaxe amables e agradables que propicien a comodidade e a seguridade das nenas e dos nenos e das persoas adultas, coidando de xeito especial o seu equilibrio estético, a súa versatilidade e a interacción e relacións coas persoas e cos obxectos.
- A posta á disposición do alumnado de materiais adaptados ás súas características, o máis diversos posible e con múltiples posibilidades en función das necesidades, organizados de maneira accesible co obxecto de favorecer a corresponsabilización no seu coidado e organización. Estará presente na aula unha oferta ampla de materiais de diferente tipo e coidaranse dun xeito especial os materiais continuos, os inespecíficos e os elementos do medio natural e sociocultural que favorezan a relación coa identidade e creen uns ambientes significativos, ademais de espertar o interese por explorar e experimentar cos diferentes recursos.
- O coidado na selección e utilización dos materiais e dos espazos de cara a evitar desigualdades por razón de xénero e a transmisión de actitudes e comportamentos sexistas a través do currículo oculto.
- A organización flexible do tempo e dos espazos, adaptándose e respondendo ás características das tarefas e ás necesidades e ritmos das nenas e dos nenos.
- A valoración positiva das interaccións evitando as comparacións, a desvalorización, a estigmatización ou a ridiculización. Na aula, promoverase un clima de aceptación e de respecto mutuo no cal equivocarse será un paso

máis no proceso de aprendizaxe en que cada neno ou nena poida sentir que está ante un reto, aínda que terá confianza para pedir axuda.

- A toma de conciencia da influencia que ten a presenza das persoas na contorna, a actividade dos distintos grupos humanos, as modificacións que introducen e a súa valoración crítica.
- O deseño de situacións STEAM que faciliten a aplicación das habilidades do pensamento computacional e que axuden o alumnado a superar situacións problemáticas de xeito creativo e orixinal, mellorando a súa autonomía e favorecendo a comprensión do erro como parte da aprendizaxe e fonte de información, sempre desde un enfoque coeducativo e posibilitando situacións que favorezan a expresión asertiva e a escoita activa das emocións, propias e alleas.
- O achegamento do alumnado ao coñecemento dos elementos identitarios da cultura propia e tamén doutras, desde unha perspectiva aberta, crítica e ilustradora, que potencie en todo momento actitudes de respecto e de apreio.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Materiais funxibles: convencionais e non convencionais (ceras grosas, ceras delgadas, rotuladores, folios, cartolinas, punzóns, témperas, pinces, tesoiras de punta redonda, gomas...). |
| Materiais audiovisuais: na aula contamos con ordenador de aula, encerado dixital, tablet de aula, conexión a internet, escornabot de aula, e reproductor musical. Ademais, o centro pon á nosa disposición a cámara de vídeo e a cámara de fotos (contando coa autorización dos pais/nais ou titores legais). |
| Material curricular: Currículo, P.E.... |
| Recursos específicos: para exercitar a psicomotricidade fina (construcións, ensartados, etc.) para a psicomotricidade grossa (aros, pelotas, cordas...), para a expresión plástica (pinturas, refugallo, kamisibai, títeres), para a lóxica matemática (quebracabezas, regretas, bloques lóxicos, etc.), para a linguaxe oral (carteis, contos, libros de imaxes...), para o desenvolvemento sensorial (área kinética, mesa de luz, bandexas sensoriais, etc.), para o xogo simbólico (cociña, supermercado, etc.), para a expresión musical (música clásica, música de relaxación) e, ademais, os precisos para cada centro de interese ou proxectos traballados ó longo do curso. |
| Recursos persoais son: o titor, o resto do profesorado que imparte docencia no centro (por exemplo a mestra de inglés ou a de psicomotricidade), outros membros da comunidade educativa (conserxe, persoal de limpeza...), os pais e as nais, outros alumnos e alumnas do centro (cóntannos algún conto por videoconferencia, ensinámoslles as nosas elaboracións...) e outros membros do entorno próximo. |
| Recursos espaciais son: as aulas, o patio, a biblioteca escolar, a aula de psicomotricidade, a aula de novas tecnoloxías, os corredores e outros ambientes fóra do centro. |

Os recursos educativos son aqueles obxectos ou elementos cos cales o alumnado interactúa e xeran aprendizaxes. Para a súa selección tívose en conta, entre outros, os seguintes criterios:

- Que fosen variados, orientados ao desenvolvemento de todos os planos que integran a personalidade infantil (cognitivo, lingüístico, motor...).
- Que favorecesen a actividade infantil, é dicir, que fosen manexables, atractivos e seguros.
- Que permitisen realizar diferentes accións en función dos interese de que os empregue, é dicir, que fosen polivalentes.
- Que estivesen presentes na vida cotiá dos nenos e das nenas.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Primeiramente, sinalar que o equipo educativo é o responsable de adoptar as decisións relativas ao tipo de información que se precisa neste momento inicial da avaliación, así como ás técnicas ou instrumentos que se van empregar para recoller e consignar a dita información.

Polo tanto, tras unha reunión do profesorado de educación infantil, decidiuse que na primeira unidade do curso se vai levar a cabo unha avaliación inicial ou diagnóstica baseado na análise, tanto das competencias clave do alumnado como das necesidades do grupo, que nos aporte información para a posterior planificación do proceso educativo.

Dita avaliación inicial ou diagnóstica se vai levar a cabo a través de:

- Observación directa, sistemática e rexistrada da participación do alumnado nas actividades e propostas didácticas.
- Análise das producións plásticas, escritas, musicais, etc realizadas polo alumnado.
- Información aportada polas familias ou titores legais na entrevista inicial.
- Diagnóstico do estado físico, emocional, coñecementos previos e limitacións de cada alumna e alumno.

Igualmente, suliñar o factor preventivo da avaliación inicial na atención á diversidade, tanto como medio para a identificación temprana das necesidades educativas como para proceder á aplicación das medidas que se consideren necesarias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación están marcados pola consecución dos criterios de avaliación establecidos para cada unidade ou proxecto. Para iso, o profesorado observará se o alumnado foi capaz de acadar ou non os mínimos de consecución de cada criterio de avaliación e cubrirá a correspondente táboa de indicadores que se elaborarán seguindo a escala de estimación: sen dificultade, en proceso ou con dificultade.

Criterios de recuperación:

Este apartado non procede nesta etapa.

6. Medidas de atención á diversidade

A expresión *atención á diversidade* non se refire unicamente ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (ANEAE), senón a todos os nenos e nenas escolarizados no grupo-clase. Isto é debido a que o alumno ou a alumna estándar non existe; cada cativo ou cativa ten capacidades, intereses, motivacións, ritmos de aprendizaxes e situacións culturais, sociais e de saúde diferentes que fan que o seu proceso de aprendizaxe sexa único e absolutamente persoal e intransferible. Esta aceptación da diversidade do alumnado, supón por parte dos mestres e mestras unha análise e unha reflexión sobre o seu grupo de alumnos e alumnas.

Por outra banda, sinalar que a fin de garantir a equidade, a nova Lei de Educación aborda os grupos de alumnos e de alumnas que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar algunha necesidade específica de apoio educativo (ANEAE) e, así mesmo, establece os recursos precisos para acometer esta tarefa co obxectivo de lograr a súa plena inclusión e integración.

A adecuada resposta educativa a todos os alumnos e as alumnas concíbese a partir do principio de inclusión, entendendo que unicamente dese modo garántese o desenvolvemento de todos e todas, favorécese a equidade e contribúese a unha maior cohesión social. A atención á diversidade é unha necesidade que abarca a todas as etapas educativas e a todos os alumnos e as alumnas; é dicir, trátase de contemplar a diversidade como principio e non como unha medida que corresponde ás necesidades duns poucos.

Así mesmo, para dar resposta á diversidade do meu alumnado, adoptarei e empregarei estratexias como:

- Organizar o aula de forma accesible, adecuaremos tempos e rutinas en base ás súas necesidades fisiolóxicas, afectivas, de movemento e curriculares.
- Organizar o aula de forma accesible, adecuaremos tempos e rutinas en base ás súas necesidades fisiolóxicas,

afectivas, de movemento e curriculares.

- Adecuar á programación didáctica, realizárase unha interpretación flexible do currículo axustada ao grupo clase e ao alumnado con NEAE.
- Empregar diferentes agrupamentos: en parellas, en pequeno grupo e en gran grupo, posto que posibilita secuencias educativas nas que a aprendizaxe ten carácter cooperativo, resultando beneficioso para todos, á vez que posibilita o acceso ás zonas de desenvolvemento próximo.
- Seguir os principios do DUA, propoñendo diferentes medios de acceder á información, de expresarse e de motivar ao alumno.
- Adaptar os tempos, instrumentos e procedementos de avaliación, usando os que mellor se adaptan ás características de este alumnado.
- Aproveitar as posibilidades das TIC para todo tipo de alumnado, utilizando diferentes apps para estimulación da linguaxe, o razonamento e a atención.
- Buscar de maneira continua interactuar co alumnado NEAE, estimulando a súa iniciativa e promovendo o interese por aprender.
- Transmitir a información de maneira clara, concisa e con frases/explicacións curtas.
- Secuenciar as tarefas, incluso con referencias visuais como pictos e axendas.
- Traballar con axudas directas e demostracións (traballo de modelado e imitación).
- Diseñar propostas didácticas seguindo o modelo TEACCH.
- Adecuar as actividades ás diferenzas individuais dos alumnos e das alumnas. Para iso, realizáranse actividades que reforsen as aprendizaxes duns e que amplíen os doutros. Os educadores e as educadoras poderán seleccionar as actividades de reforzo ou ampliación que estimen convenientes para os seus alumnos e alumnas.
- Evitar tarefas repetitivas e sen interese para o alumnado, que poden facer aparecer conductas disruptivas, a non ser o caso de aqueles alumnos que polas súas necesidades necesiten facer ese tipo de actividades para reforzar aprendizaxes e aportar seguridade.
- Primar o esforzo e non o resultado, intentando sempre aumentar a autoestima, adoitando un enfoque emocional nas actividades, tanto como medida preventiva da discriminación como medio para a valoración das diferenzas.
- Ofrecer propostas onde o alumnado poida participar en base ás súas capacidades levando a cabo propostas SEM para aquel alumnado que o necesite.
- Ofrecer sempre situacións de éxito, para ir aumentando a dificultade progresivamente.
- Intervir educativamente sempre dende un enfoque multidisciplinar: (titoría, DO, familia ou titores legais, servizos sanitarios, sociais, etc).

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 |
|--|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Desenvolvemento afectivo e xestión emocional: Para lograr isto crearase un clima de confianza no que os/as nenos/as se expresen libremente; resolveranse situacións conflitivas a través do diálogo; fomentarase a tolerancia e o respecto polos demais; promoverase actividades en grupo nas que se coopere, se respecte e se comparta; etc. | X | X | X | X | X | X | X |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 |
|--|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.2 - Hábitos de coidado e control corporal: Fomentárase o consumo de alimentos sans (froita, verduras), rexeitarase o consumo abusivo de lambetadas, estableceranse unhas normas relacionadas co aseo persoal (lavar as mans antes de comer, soar os mocos), falaremos das situacións de perigo no recreo, na aula, na casa, etc. | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Pautas elementais de convivencia e relación social: Supón preparar ós alumnos e ás alumnas para a participación na vida social e cultural. Isto implica: ensinarlles a discriminar comportamentos adecuados e inadecuados; amosarlles a importancia de respectar as normas de convivencia; desenvolver actitudes para ser bos cidadáns (solidariedade, respecto); etc. | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - Coidado da contorna e dos seres vivos: É importante que aprendan a valorar a importancia que ten o medio natural para a vida das persoas e desenvolver actitudes de respecto e coidado cara a el. Para lograr isto: observarase directamente o crecemento dalgunha planta; amosaranse as repercusións que ten a actuación humana sobre o medio; realizaranse actividades con materiais de refugallo; etc. | X | X | X | X | X | X | X |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 |
|---|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.5 - Educación para o consumo responsable: O que se pretende é que os/as nenos/nas vaian adquirindo unha actitude responsable cara ó consumo. Para isto, foméntanse nas aulas actitudes como: non deixar as billas abertas para non perder auga, coidar os materiais individuais e os comúns, mercar soamente o que precisemos, aproveitar ao máximo o material escolar, etc. | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.6 - Educación igualitaria e libre de estereotipos: Como mestres e mestras debemos procurar que os/as alumnos/as se formen en igualdade de condicións e cos mesmos dereitos e obrigas. Para acadar isto vaise: narrar contos cambiando os papeis que tradicionalmente se lles asignaban ós homes e ás mulleres; comentar a necesidade de que tanto os nenos como as nenas deben colaborar nas tarefas domésticas... | X | X | X | X | X | X | X |

Observacións:

Os temas transversais, son traballados de maneira globalizada en diversas actividades e en diversos momentos da xornada escolar, polo que van estar presentes en todas as Unidades ou Proxectos realizados ó longo do curso.

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--|--|----------|----------|----------|
| Visita na aula de persoa experta | En cada unidade invitaremos a unha ou varias persoas para que actúe como experto na materia que estamos a traballar. | X | X | X |
| Contacontos | En diferentes momentos, convidaremos a un/unha familiar do alumnado ou a un/unha contacontos profesional para que veña a contar un conto relacionado co tema que estamos a traballar ou coa festividade que esteamos a conmemorar. | X | X | X |
| Saídas relacionadas coas Unidades ou Proxectos | En cada unidade realizaremos unha saída pola contarna para afondar no traballo na aula. | X | X | X |

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----------------------------------|---|----------|----------|----------|
| Conmemoracións e festas | Realizaremos todas as conmemoracións de obrigado cumprimento que aparecen recollidas na Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia. Igualmente, ó longo do curso celebraremos outras festividades coma o Samagosto, o Nadal, etc. que aparecen contempladas na PXA. | X | X | X |
| Saída fin de curso | Actividade lúdica para descubrir a contorna e para conmemorar o final de curso en compañía do resto de alumnos e alumnas do centro educativo. | | | X |
| Actividades de transición a E.P. | En diversos momentos do ano académico, efectuaremos actividades conxuntas con diversas aulas de primaria (especialmente primeiro ciclo) para favorecer a transición a esta etapa educativa. Por exemplo: manualidades cooperativas polo Nadal, xogos tradicionais cos alumnos/as de primeiro polo día do xogo, padriños e madriñas no transporte escolar, acto de graduación e despedida de infantil... | | | X |

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Presento e propoño un plan de traballo, explicando a súa finalidade, antes de cada unidade. |
| Relaciono os diferentes elementos curriculares e as actividades cos intereses e coñecementos previos dos meus alumnos. |
| Facilito a adquisición de novos contidos a través dos pasos necesarios, intercalando preguntas aclaratorias, sintetizando, exemplificando, etc. |
| Metodoloxía empregada |
| Suscito situacións introdutorias previas ao tema que se vai a tratar (traballos, diálogos, lecturas...). |
| Manteño o interese do alumnado partindo das súas experiencias, cunha linguaxe clara e adaptada... |
| Comunico a finalidade das aprendizaxes, a súa importancia, funcionalidade, aplicación real. |
| Propoño aos meus alumnos actividades variadas (de diagnóstico, de introdución, de motivación, de desenvolvemento, de síntese, de consolidación, de recuperación, de ampliación e de avaliación). |

| |
|--|
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| Estruturo e organizo os contidos dando unha visión xeral de cada tema (mapas conceptuais, esquemas, que teñen que aprender, que é importante, ...). |
| Adopto distintos agrupamentos en función do momento, da tarefa a realizar, dos recursos a utilizar... etc., controlando sempre que o adecuado clima de traballo. |
| Utilizo recursos didácticos variados (audiovisuais, informáticos, técnicas de aprender a aprender...), tanto para a presentación dos contidos como para a práctica dos alumnos, favorecendo o uso autónomo por parte dos mesmos. |
| Medidas de atención á diversidade |
| Suscito actividades que aseguran a adquisición dos obxectivos didácticos previstos e as habilidades e técnicas instrumentais básicas. |
| Clima de traballo na aula |
| Nas actividades que propoño existe equilibrio entre as actividades individuais e traballos en grupo. |
| Distribúo o tempo adecuadamente (breve tempo de exposición e o resto do mesmo para as actividades que os alumnos realizan na clase). |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| Dou información dos progresos conseguidos así como das dificultades atopadas. |

Descrición:

Coa finalidade de mellorar a propia práctica docente realizarase unha autoavaliación por parte do profesorado, facendo unha valoración de diferentes indicadores relacionados co traballo docente e aportando suxestións que permitan mellorar a nosa función educativa. Así, e como se amosa anteriormente, avaliaremos diferentes ítems relacionados con estes aspectos, como por exemplo: a motivación do alumnado, a presentación dos diferentes contidos, as actividades de aula, a organización e xestión do traballo de aula e as instrucións, aclaracións, orientacións aportadas ao alumnado, etc.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Coa avaliación, o que se pretende, é analizar tódolos aspectos do proceso educativo, recollendo información que permita mellorar o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Os membros do equipo docente de Educación Infantil levaremos a cabo reunións periódicas nas que se analice o desenvolvemento da programación nos distintos niveis e, deste xeito, ir subsanando as deficiencias que poidan xurdir ao longo da práctica docente.

Na análise desta práctica valorarase o grao de consecución dos obxectivos, cales se acadaron con máis facilidade, cales non se cumpriron e as causas. Tamén se analizarán os contidos, se estaban axeitados a idade, se eran suficientes, o seu grao de dificultade, etc. Non nos esqueceremos de avaliar os métodos utilizados, a idoneidade dos recursos materias, a didáctica e os tempos e espazos.

A continuación amósanse algúns exemplos dos ítems que nos permitirán avaliar a nosa programación:

- Distribúense axeitadamente todos os obxectivos xerais ao longo curso.
- As competencias conéctanse cos criterios de avaliación e a súa concreción en mínimos de consecución, para poder ser avaliadas.
- Organización temporal dos contidos ao longo do curso, en unidades de traballo ou proxectos.
- Presentación integrada dos contidos sen necesidade de diferenciar en conceptuais, procedimentales e actitudinais.
- Vinculación dos contidos con situacións reais, significativas, funcionais ou motivantes para o alumnado.
- Concreción suficiente dos criterios de avaliación para ser observables ou medibles con mediante diversos procedementos e instrumentos de avaliación.
- Actividades de apoio, reforzo e recuperación para atender á diversidade tendo en conta as aprendizaxes consideradas como mínimos.
- Autorregulación da propia aprendizaxe: uso da autoevaluación e a coevaluación polo alumnado.
- Uso variado e coherente de diferentes métodos e estilos de ensino.
- Estratexias para desenvolver procesos globalizados de ensino e aprendizaxe.

- Consideración de metodoloxías que consideran o papel activo do alumno como factor decisivo da aprendizaxe.
- Previsión de tarefas e propostas didácticas contextualizadas en situacións ou problemas significativos, funcionais e motivantes para o alumnado.
- Metodoloxías de traballo cooperativo.
- Importancia da investigación por parte do alumnado: metodoloxía de proxectos, descubrimento guiado, resolución de problemas da vida cotiá, webquest.
- Organización flexible dos recursos espazo-temporais, agrupamentos e materiais
- Incorporación da forma de abordar os valores democráticos que establece o currículo.
- Asociación temporal dos distintos valores democráticos coas unidades ou proxectos nos que se van traballar.
- Medidas de atención á diversidade.
- Coordinación entre o profesorado que intervén co grupo de alumnos.
- Coordinación do profesorado coas familias.

Finalmente, sinalar que haberá un seguimento a través da aplicación Proens dende a coordinación de ciclo en infantil ao rematar cada trimestre.

9. Outros apartados